

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP PARADAI  
CURSO:4º PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA:12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso.	1. Busca, selecciona e organiza a información importante; presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa; consulta e utiliza distintos tipos de documentos e reflexiona sobre o traballo realizado.
2. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	2.Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
3. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento	3.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. 3.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
4. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso	4.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa 4.2 Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) ▪ 4.3. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.
5. Identificar e clasifica animais do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais.	5 Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados
6. Planificar, observar e comparar algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo	6.Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Feed-back (polos medios postos a disposición dos alumnos/as: web, aula virtual, correo , material impreso a través do Concello...) do material elaborado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo individual realizado polo alumno/a e recepcionado polo mestre.</li> </ul> <p>Revisión do traballo</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Media aritmética das cualificacións da materia na 1ª e 2ª avaliación, no caso de alumnos/as que superaran as materias nas dúas avaliacións ou polo menos nunha delas.</li> <li>- Redondeo á alza (na media das cualificacións) cando haxa constancia por parte do mestre de que está a traballar ao longo do 3º trimestre (sexa das recomendacións feitas polo mestre ou por outros medios)</li> </ul> <p>No caso de ter as avaliacións suspensas nalgunha das materias, entrega obrigatoria ao mestre (polos medios a disposición do alumno: on line, impreso a través do Concello...) do traballo de repaso e recuperación elaborado para este trimestre.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente (1)</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios versarán sobre os contidos impartidos nos dous primeiros trimestres.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Para a cualificación, partiremos das anteriores avaliacións, valorando en positivo o traballo realizado neste terceiro trimestre.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Seguimento dos posibles traballos enviados polo alumnado ao longo deste terceiro trimestre.</p>

- (1) Aínda que en Ed. Primaria a avaliación é continua, no caso daqueles alumnos con materias pendentes doutros cursos, será o responsable da materia o encargado de ditaminar se se considera a materia superada ou non en base aos criterios de cualificación anteriores e as procedementos como na educación presencial aínda que non se supere o curso actual, o que quedará reflexado na correspondente dilixencia de XADE (Ex. Alumnos con CN de 3º pendente pode considerarse que superou a materia aínda que non supere a de 4º)

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Póñense a disposición do alumnado actividades de repaso, reforzo e recuperación de todo o traballo realizado ao longo dos dous trimestres do curso.</p> <p>Seguindo as instrucións da Consellería e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na maioría do noso alumnado (situacións económicas, sociais e culturais... moi desfavorecidas) non se avanza en contidos.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Identifícase persoalmente a todo o alumnado que ten a súa disposición medios electrónicos para a realización do traballo, e aquel que preferindo outros medios ou non tendo recibe o material impreso coa colaboración realizada pola Área de Educación do Concello de Lugo</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os imprescindibles nestas circunstancias.</p> <p>Ademais da conectividade persoal que pode ter cada familia, identifícase persoalmente aos que carecen dela, así como os que precisan de material funxible mínimo (papel, lapis...) sendo comunicado tal circunstancia ao Concello de Lugo para que poña a disposición do alumnado o máis elemental.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Darase a coñecer a través das canles de comunicación que o centro ten establecidos (web, instagram, abalar)
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e polos medios electrónicos dispoñibles.